Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de abril de 2018, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA ANCHA E TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES TRAMITADO POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2018 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación do "Servizo de Telecomunicacións (fixa e móbil), acceso a Internet de banda ancha e transmisión e almacenamento de datos para o Concello de Ames".

O dito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada, polo licitador clasificado en primeiro lugar, a documentación requirida segundo o establecido no artigo 151 do TRLCSP, resulta procedente adxudicar o contrato

Visto o informe de fiscalización de carácter favorable, da Intervención Municipal, informe 121/2018 de 24 de abril de 2018.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o "Servizo de Telecomunicacións (fixa e móbil), acceso a Internet de banda ancha e transmisión e almacenamento de datos do Concello de Ames", á UTE constituída denominada **UTE TdE_TME DCXXXVI**, CIF U-88076153 coas seguintes características:

1) Oferta económica:

PREZO TOTAL OFERTADO DURACIÓN INICIAL DO CONTRATO (3 ANOS)	IVE	PREZO TOTAL
217.486,00 €	45.672,06 €	263.158,06 €

2) Criterios avaliables de forma automática

<u>A) Servizos de Voz (telefonía fixa e móbil integrada)</u>

Tempos de provisión-resolución

TEMPOS DE PROVISIÓN		Redución nos tempos de provisión en UNIDADES de 1 día
Provisión liñas móbiles voz		0
Provisión liñas fixas voz (RTB, xDSL, RDSI)		2 días
Provisión de terminais (móbiles/sobremesa)		2 días
TEMPOS DE RESOLUCIÓN	Carácter	Redución nos tempos de resolución en UNIDADES de 8 horas
Resolución incidencias liñas móbiles voz	LEVE	4 unidades (redución 32 horas)

Resolución incidencias liñas cable voz	LEVE	4 unidades (redución 32 horas)
Resolución incidencias terminais (móbil/sobremesa)	LEVE	0
Resolución incidencias masivas de voz	GRAVE	4 unidades (redución 32 horas)

B) Servizos de datos, Internet e Almacenamento

Tempos de provisión-resolución

TEMPOS DE PROVISIÓN	Carácter	Redución nos tempos de provisión en UNIDADES de 1 día
Provisión enlaces cable/fibra óptica en sedes remotas	LEVE	2 días
Alta VPN centro remotos por cable	LEVE	2 días
TEMPOS DE RESOLUCIÓN	Carácter	Redución nos tempos de resolución en UNIDADES de 8 horas
Resolución incidencias enlaces de datos cable/fibra óptica (VPN)	GRAVE	0
Resolución incidencias en enlaces de internet	GRAVE	0
Resolución incidencias masivas de datos	GRAVE	4 unidades (redución 32 horas)

Mellora da velocidade do acceso a internet e velocidade de conexión coas sedes remotas

Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB
Mellora da velocidade do acceso a internet (mínimo esixido 150 MB/s simétricos)	10 BL Incremento ofertado 100 MB (velocidade acceso a inernet 250 MB)
Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB
Mellora da velocidade de conexión coas sedes remotas tipo I (mínimo esixido 50 MB/s simétricos)	6 BL . Incremento ofertado 60 MB (Velocidade sedes remotas tipo 1 110 MB)

Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en BLOQUES de 10 MB
Mellora da velocidade de conexión coas sedes remotas tipo II (mínimo esixido 30 MB/s simétricos)	6 BL . Incremento ofertado 60 MB (Velocidade sedes remotas tipo 2 90 MB)

Melloras nas características das liñas de Backup

Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en unidades de 10 MB
Mellora da velocidade das liñas de Backup (Backup principal, sede CPD: 30 MB simétricos)	3 unidades. Incremento ofertado 30 MB (Velocidade de backup sede CPD 60 MB)
Criterio	Por cada incremento do ancho de banda en UNIDADADES DE 10 MB
Mellora da velocidade das liñas de Backup (Backup sedes remotas : 10 MB simétricos)	3 unidades. Incremento ofertado 30 MB. (Velocidade de backup sedes remotas 40 MB)

Melloras nas características da cabina de almacenamento de datos

Criterio	Por cada incremento do almacenamento SSD en 1 TB
Mellora do almacenamento SSD (2 puntos)	2 unidades. Incremento ofertado 2 TB
Criterio	Por cada incremento do almacenamento SAS en 2,5 TB
Mellora do almacenamento SAS	3 unidades. Incremento ofertado 7,5 TB

Melloras nas características do servizo de streaming

Criterio	Polo incremento no ancho de banda suficiente para a reproducción dun arquivo de vídeo de 720x480 e 4GB por 30 usuarios simultaneamente	Polo incremento en 300GB na capadade de almacenamento do servidor.
	SI	SI

Melloras do servizo de streaming	Se incrementa o ancho de banda para permitir a reproducón dun arquivo de video de 700*480 e 4 GB por 30 usuarios simultaneamente	Incremento ofertado 300 GB, (Capacidade de almacenamento 600 GB)

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria, así como o resto das características e condicións establecidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

Segundo.- Duración do contrato.

A duración inicial do contrato será de TRES ANOS podendo prorrogarse por un ano máis ata un máximo de CATRO ANOS (incluído período inicial e prórrogas)

As prorrogas serán obrigatorias para o adxudicatario.

Excepcionalmente, poderase admitir unha execución forzosa do contrato, cando unha vez extinguida a duración total do mesmo, non concluíse o procedemento para proceder a unha nova adxudicación. Esta execución forzosa acordarase polo órgano de contratación, e será obrigatoria para o empresario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. Neste caso, as condicións do contrato permanecerán inalterables durante o periodo de duración da execución forzosa.

Terceiro.- Resto de condicións

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vinte e seis de abril de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria